



**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA
CORPORACIÓN EN DATA 22 DE SETEMBRO DE 2015.**

ASISTENTES:

ALCALDESA-PRESIDENTA:

D^a. María Loureiro García.

CONCELLEIROS:

D. Jesús Antonio Fernández Cal, D^a. M^a. Isabel Rodríguez López, D. Jesús Fernández Fernández, D^a. Lara Fernández Fernández-Noriega, D. Emilio Villarme Méndez, D^a. María Soledad Rey Yáñez, D. Carlos Alberto Gueimunde Cabaleiro, D. Bernardo José Fraga Galdo, D. Manuel Galdo Dopico, D^a. Saray Blanco Canoura, D. Antonio José Bouza Rodil, D. Celestino Valentín García Paz, D^a. M^a Jesús Vale López, D^a. Belinda Bermúdez Otero eD. Víctor Marcial Miranda Gómez.

INTERVENTORA

D^a. Rosa Abelleira Fernández

SECRETARIA XERAL

D^a. M^a Luz Balsa Rábade

Na Casa do Excmo. Concello de Viveiro, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vintedous de setembro de dous mil quince, reúnen, en primeira convocatoria, os Sres. Concelleiros citados anteriormente, ó obxecto de celebrar a sesión extraordinaria do Pleno da Corporación, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, asistida de mín, que como Secretaria Xeral, certifico do acto do Concello.

Comprobado pola Secretaría a existencia do quórum necesario, declárase pola Sra. Alcaldesa aberta a sesión, polo que se procede a tratar os asuntos incluídos na Orde do Día.

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS DE DATAS 13/06/2015 E 29/06/2015.

Por parte da Secretaria Municipal sinalase que respecto á acta de data 29/06/2015, no punto referente ás dedicacións, a raíz da intervención do concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto, que consideraba que era suficiente coa dedicación da Alcaldesa, propúxose se se prefería votar cada dedicación por separado, e manifestado que non, procedeuse á votación conxunta do punto da orde do día referente ás dedicacións.

Non existindo máis observacións, apróbanse por unanimidade as actas das sesións de data 13/06/2015 e 29/06/2015.

2.- INCORPORACIÓN DO CONCELLO DE VIVEIRO Á MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA MARIÑA LUGUESA.

Vista a proposta da Alcaldía en relación á incorporación do Concello de Viveiro á Mancomunidade de Municipios da Mariña Luguesa.



Resultando que este asunto foi dictaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Desenvolvemento Rural.

Intervén a Sra. Alaldesa para dicir que na Comisión Informativa se manifestou polo grupo P.P. unha proposta respecto ós representantes, que un deles fose da oposición.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Antonio Bouza Rodil, para dicir que están de acordo coa incorporación do Concello á Mancomunidade, que xa levaban este asunto no programa electoral. Sinala que cando o Concello a abandonou en xaneiro 2012 estiveron en contra porque pensaban que o futuro era por aquí, agrupados. Entende que unha vez adheridos se deben negociar as condicións, porque Viveiro é o máis poboado e non é lóxico que as condicións sexan as mesmas que as dos outros concellos. Di que ninguén concibe a Mariña sen Viveiro nin ó revés. Entende que é máis rentable que estar no Eixo Atlántico, que non aportou nada e custou 18.000€. Entende que os representantes municipais que debería ser un do PSOE e outro do P.P. (como 2º forza mais votada), xa que BNG e Son Viveiro mostraron reticencias a entrar e entón tampouco deberían ter representante. Conclúe decindo que van apoiar esta proposta.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo, para dicir que a posición do seu grupo parte do 2012, cando o BNG formaba co PSOE parte do goberno, sendo membros do goberno naquel momento parte dos que están agora. O argumento naquel momento era que ó Concello non lle valía para nada estar porque era unha pseudoadministración que non funcionaba, facían 3 folletos ó ano e o interese para Viveiro era nulo. Non así co Eixo Atlántico que ven utilizado puido ter beneficios. Manifesta que lle gustaría que respondera o PSOE que cambiou para variar agora a postura, cree que nada, e di que van votar en contra. Engade que levaban no programa retomar pero con condicións, considera que Viveiro tería que ter máis peso, tamén a situación económica, así como que ten os mesmos votos que outros Concellos que aportan menos diñeiro. Pregúntase qué servizos nas vai reportar e manifesta que prefere gastar en ter máis publicidade turística, que é no único sector que está agora centrada a Mancomunidade. Engade que non entende o cambio de criterio do PSOE. Di que creen na unión de servizos, pero non a calquer prezo, xa que durante moitos anos os beneficios foron nulos.

Intervén D. Víctor Marcial Miranda Gómez, concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto, para dicir que se trata dun ente inútil, que só cobra, cuns estatutos antidemocráticos, facendo referencia di, a palabras textuais do PSOE no momento da saída da Mancomunidade, e indica que non se deron cambios substanciais, polo que entende que dá a impresión de falta de transparencia no ingreso á mesma, preguntándose cales son os beneficios e os servizos que se van prestar, e se tamén vai ser o conservatorio, sendo partidarios de mancomunar servizos como o de incendios.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que votou a favor de irse da mancomunidade no seu momento e que o mesmo presidente recoñeceu que daquela non funcionaba, que o que había era unha carpa. Estivo a punto de irse tamén Mondoñedo e Ribadeo. Sinala que o cambio de decisión de incorporarse, que tamén o levaban no programa preséntase despois de escoitar ó sector hosteleiro, artesanía... xa que dalles privilexios pertencen. Engade que cambiou o órgano directivo, agora é o Alcade de Burela, e di que sen pertencer non se pode acceder a subvencións turísticas. Non nos consideraban xeodestino, por non decir os episodios dos bolechas, que pasaron de Vicedo a Xove (xogando coa educación dos nenos de Viveiro). Considera que agora fan máis cousas e ademais por exemplo en Turgalicia as posibilidades de participar nas feiras, por pertencer, é maior. Manifesta



que van propoñer cambios nos plenos da mancomunidade, e di que foron falar co presidente da mesma e pediron o compromiso de que se lle desen mais ventaxas a Viveiro, manifestouse o compromiso aínda que non por escrito. Engade que non van aceptar a proposta do P.P. e os estatutos da mancomunidade cambiaranse unha vez dentro e agora non a acepta. Di que agora hai que designar dous representantes: un será o Alcalde, e outro debe ser o concelleiro de turismo, e di que logo propoñerá que haxa tres representantes (para que poda participar a oposición, que sexa rotativo), pero agora propónse incorporarse e estar como representantes a Alcaldesa e a concelleira de turismo.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Antonio Bouza Rodil para dicir que respecto ó que di a Alcaldesa non debe ter os mesmos estatutos, sinalando o que establece o artigo 8 dos mesmos, que fai referencia á representación da pluralidade das corporacións, aínda que aceptan a proposta da Alcaldesa, que é quen propón, e que os estatutos son os que son preguntándose se a Sra. Alcaldesa é futuróloga para adiviñar se se van modificar os estatutos e como será esa modificación.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que non é futuróloga, pero que antes do pleno chamou ó anterior presidente da mancomunidade, e dixo que o alcalde sempre figura como representante, é un membro nato da mancomunidade e o outro un concelleiro do equipo de goberno case na totalidade de concellos, polo que considera que a alcaldesa ten que estar e a concelleira de turismo tamén e se pudiesen estar máis permitiría o nomeamento doutro representantes, que fose da oposición, pero non tampouco que tivese privilexios o P.P. por ser a 2º forza.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo, para dicir que a Sra. Alcaldesa dixo que o presidente recoñeceu que antes non funcionaba e se dixo tamén que había unha carpa, gustaríalle saber cantas veces se usou polo concello e para qué.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que ningunha.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo, para dicir que sí se trata dun cambio de opinión do PSOE, e indica que agora a mancomunidade presídea o PSOE. (antes P.P.), cambiou a directiva. Sinala que respecto ó turismo creen que con 12.000€ pode facerse moito. Respecto ó xeoturismo sí é certa a súa importancia. Engade que o que se dá aquí é un cheque en branco. Se negocia posteriormente, se firma ó contrato e logo se lee, manifestando que se teñen por escrito un cambio de funcionamento votarían a favor.

Intervén o concelleiro de Son Viveiro, D. Víctor Marcial Miranda Gómez, integrante do Grupo Mixto, para dicir que ós veciños lles interesa saber qué servizos prestaría á mancomunidade máis que o turismo.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que para Viveiro sí houbo máis publicidade por non ter os bolechas pero os nenos non os tiveron. Engade que, escoitando ó sector, a concelleira de turismo (pola súa experiencia en turismo) considérao importante, ademáis de que se perden subvencións...

Non existindo máis debate, procédese á votación, acordándose aprobar, con 13 votos a favor, correspondentes ós Grupos do P.S.O.E. e P.P. e 4 votos en contra correspondentes ó grupo do B.N.G. e ó concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto, a proposta da Alcaldía de



inclusión do Concello de Viveiro na Mancomunidade de Municipios da Mariña Luguesa, do seguinte xeito:

Primeiro.- Incorporación do Concello de Viveiro á Mancomunidade de Municipios da Mariña Luguesa.

Segundo.- Realizar a incorporación para todos os servizos previstos no artigo 4 dos Estatutos da Mancomunidade.

Terceiro.- Designar como representantes municipais deste Concello na Mancomunidade a D^a. María Loureiro García e a D^a. María Soledad Rey Yáñez.

Cuarto.- Facer efectiva a incorporación deste Concello á Mancomunidade con efectos de 1 de xaneiro de 2016.

Quinto.- Comprometerse a incluír no orzamento de 2016 as cuantías correspondentes ás cotas a aboar á Mancomunidade.

Sexto.- Dar traslado do presente acordo á Mancomunidade de Municipios da Mariña Luguesa en orde a facer efectiva a incorporación deste Concello.

3.- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE POLÍTICO E TÉCNICO DO CONCELLO DE VIVEIRO NO FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIDADE.

Vista a proposta da Alcaldía de nomeamento de representante político e técnico do Concello no Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.

Visto que este asunto foi dictaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Desenvolvemento Local.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Antonio Bouza Rodil para dicir que o seu grupo vai modificar o sentido do voto.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que a proposta era nomear á concelleira de servizos sociais.

Non existindo máis debate procédese á votación, acordándose aprobar, con 9 votos a favor, correspondentes ós grupos do PSOE e ó concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto e 8 abstencións correspondentes ós grupos do P.P. e B.N.G., a proposta de Alcaldía de nomeamento de representante político e técnico do Concello no Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, do seguinte xeito:

Primeiro.- Designar como representante político do Concello de Viveiro no Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade a D^a. Isabel Rodríguez López.

Segundo.- Designar como representante técnico do Concello de Viveiro no Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade a D^a. Lorena Fernández Méndez.



Terceiro.- Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia.

4.- SOLICITUDE DE FRANCCIONAMENTO EN 10 ANOS PARA O REINTEGRO DA LIQUIDACIÓN NEGATIVA DA PARTICIPACIÓN EN TRIBUTOS DO ESTADO DO ANO 2013.

Visto o informe proposta de intervención, coa conformidade do concelheiro delegado de economía para solicitar o fraccionamento en 10 anos para o reintegro da liquidación negativa da participación en tributos do Estado do ano 2013.

Visto que este asunto foi dictaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Economía e Facenda.

Intervén o Concelheiro de Facenda, D. Jesús Fernández Fernández, para dicir que se trata dunha regularización do exercicio 2013 que fai o Estado. Os calculos do Estado da participación dos tributos era máis, e logo saiu menos, polo que hai desfase de 138.000€ que pagaran demáis. Faise a proposta de que eso se fraccione en 10 anos e este fraccionamento non ten intereses (seráin 1.151,98 € por mes, a partir do 1 de xaneiro.) Se non o autorizan, a devolución sería en 3 anos, o que suporía algo máis de 3.000€ ó mes. Sinala que se en vindeiros exercizos o resultado é positivo xa o van compensando.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Antonio Bouza Rodil para dicir que o seu grupo xa manifestou que ía votar a favor. É unha proposta boa que ven dende Madrid que permite non afogar ós concellos.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo para dicir que van votar a favor, pero sen peloteo ó goberno.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Antonio Bouza Rodil para dicir que o Sr. Galdo Dopico admitiu que era unha boa medida.

Intervén D. Manuel Galdo Dopico, ó que lle cede a palabra o portavoz do B.N.G., dicindo que no seu momento o que dixo era que xa tardaba unha boa medida, e que fará algo bo, que será marchar.

Non existindo máis debate sobre este asunto procédese á votación, acordándose por unanimidade aprobar o proposto no informe proposta de intervención, coa conformidade do concelheiro delegado de economía, de solicitar o fraccionamento en 10 anos para o reintegro da liquidación negativa da participación en tributos do Estado do ano 2013, do seguinte xeito:

Primeiro.- Solicitar o fraccionamento en 10 anos para o reintegro da liquidación negativa da participación en tributos do Estado do ano 2013.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co establecido na Disposición adicional décima do Real Decreto Lei 17/2014, de 26 de decembro, antes do 1 de novembro, de seguir cumprindo cos requisitos establecidos.



5.- APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO EXERCICIO 2014.

Vista a proposta de Alcaldía para a aprobación da conta xeral do exercizo 2014.

Visto que este asunto foi dictaminado favorablemente pola Comisión Especial de Contas.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.S.O.E., D. Jesús Fernández Fernández, para dicir que hai unha obriga formal de rendir as contas, coñecer o que se fixo nun exercizo, é un acto esencial para a fiscalización por parte dos órganos extremos. Indica que se cumpren os prazos legais. Dictaminouse en agosto e non houbo alegacións e logo en setembro volveuse dictaminar favorablemente. Sinala os documentos que componen a conta xeral.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Antonio Bouza Rodil para dicir que sí se fai en prazo, pero tampouco todo, foi a Comisión o 4 de agosto, non en Xuño, como establece a normativa e sí é verdade que se debe e probar antes do un de outubro, e é importante para non perder subvencións. Engade que se decatan que as normas son para cumprir, e se alegan que o vaian entendendo. Manifesta así mesmo que Turviveiro e Aparcamentos A Mariña apuntan resultados negativos, e pouco se fixo para correxilos, co que haberá disolución o 1 de Decembro de 2015. Engade que hai operacións pendentes de aplicar ó orzamento, o endebedo por habitante é de 849€, en inversión gástase un 0'05% do orzamento, tampouco se realiza o informe de fiscalización a posteriori previsto nas bases de execución. Di que se cumpre co límite de débeda pública, estando a porcentaxe no 101%, menor ó 110%, aínda que o ideal sería rebaixalo o 70%. Sinala que o período medio de pago foi de máis de 60 días, lonxe do que prevé a lei de morosidade. Tamén se aproban facturas con reparos de intervención que producen efectos suspensivos, correspondentes ó 2012 e 2013, (máis de 1.400.000€), de caixón, que só sabía o equipo de goberno delas. Di que non as van apoiar, son un lastre. A ver se se corrixe isto e se fala de contas reais.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo, para dicir que o seu grupo se vai abster, e que as contas son as que son e non se poden modificar.

Intervén o concelleiro de Son Viveiro, D. Víctor Marcial Miranda Gómez, integrante do Grupo Mixto, para dicir que se vai abster.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.S.O.E., D. Jesús Fernández Fernández para dicir que nos últimos anos ó mellor non se facían as cousas en tempo, vaise mellorando pouco a pouco. A data establecida na normativa é o 1 de outubro e estamos a 22 de setembro. Engade que se melloraron os resultados respecto a 2013 na conta de resultados. Sempre parece que o discurso é mesmo, e di que se se colle a intervención do portavoz do Grupo do P.P. no pleno do 2013 dixo o que acaba de dicir agora, e matiza que este ano o 1 de Xuño nin estaba aínda a corporación formada (o ano pasado sí se podía). Sinala que todos saben como estaban as sociedades. Indica que se baixou o endebedamento por habitante. E tamén se melloraron os fondos propios do concello e mirando para outros Concellos parecidos non todos teñen remanente de tesourería positivo, e aquí no 2014 había 473.573'37. Tamén indica que nas Sociedades Municipais se mellorou (Turviveiro perdeu 30.000€ menos). Aparcamentos a Mariña perdeu 1504'64 fronte ós 80.000 do 2013, e di que tamén está a empresa Eogal (co 41% de participación). Respecto ós reparos sinala que son de recoñecementos



extraxudiciais de anos anteriores e que transparencia toda porque viñeron ó pleno para pagalas senón non se podía. A peche do 2014 había gastos pendentes de aplicar sobre 365.000€, fronte ó saldo inicial de máis de 2 millóns de euros, e hoxe quedan 48.500€ sen pagar só porque dende que o P.P. lideralizouse ás empresas eléctricas e pasaron facturas de anos anteriores. Engade que o que hai que cumprir é o que marca a lei, e cúmprese o equilibrio orzamentario, e o límite de débeda, que se estaba incumprindo no 2013, rebaixouse en 2014 (e estase dentro da lei). No período medio de pago baixouse moito, vaise na senda de acabar os 30 días. Neste exercizo a data de 30 de Xuño estase en 38 días. Manifesta que había unha capacidade de financiamento de máis de 600.000€. Dille ó portavoz do Grupo Municipal de P.P., que dixo algo importante, que é que a non aprobación implica non poder solicitar subvencións ante a Xunta de Galicia e pregúntase se é o que queren pois argumenta que xa tiñan o grifo pechado.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Antonio Bouza Rodil para dicir que o concelleiro de facenda fixo un resumo bo da súa intervención e que coinciden plenamente. Engade que no seu grupo son aficionados ós números non profesionais como o concelleiro de facenda, ó que di que xa lle gustaban as contas do equipo de goberno cando non era do PSOE, e manifesta que se alegran de que agora se mellorara o período medio de pago. Di que son conscientes de que se non se aproban se perden subvencións, pero tiñan claro que o único voto en contra ía ser o do grupo do P.P.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.S.O.E., D. Jesús Fernández Fernández para dicir que as contas son as que son. Engade que se antes a apoyaban cando estaban noutra froza era porque o Concello non pode perder o tren. Sinala que dentro de pouco se vai convocar ós grupos para perfilar o orzamento do 2016 (seguindo na senda desa mellora)

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que apostilla o que dixo o concelleiro de facenda, sinalando que o compromiso do P.P. é que non se pidan subvencións e logo presentar mocións para pedilas, e se non se aproban as contas non se poden pedir subvencións.

Non existindo máis debate procédese á votación, acordándose con 8 votos a favor, correspondentes ó grupo do P.S.O.E., 4 abstencións correspondentes ós grupos do B.N.G. e ó concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto e 5 votos en contra correspondentes ó grupo do P.P., aprobar a proposta da Alcaldía en orde á aprobación da conta xeral do exercizo 2014.

E non habendo máis asuntos que tratar, por parte da Sra. Alcaldesa levántase a sesión, sendo as 21:30 horas do día 22 de setembro de 2015, extendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu, como Secretaria, dou fe.